



En vinte anos saberanse os efectos do cambio climático en España

A instalación de estacións meteorolóxicas nos Parques Nacionais de Serra Nevada, Teide, Cabrera e Picos de Europa permitirá recoller datos fiables sobre o cambio climático e estudar os seus efectos sobre a biodiversidade do país nun prazo de dez a vinte anos. Este proxecto será impulsado polo Ministerio de Medio Ambiente e a Fundación Biodiversidade, ex-

plicou onte o secretario xeral para o Territorio e a Biodiversidade, Antonio Serrano, na apertura das IX Xornadas de Investigación na Rede de Parques Nacionais no que se dá a coñecer os proxectos de investigación do Organismo Autónomo Parques Nacionais de 2003 a 2006, que versan principalmente sobre a evolución da biodiversidade nas paraxes españolas protexidas.